



Parlamento das Letras: Xerardo AgraFoxo

Publicado o [27/04/2015](https://armandorequeixo.wordpress.com/2015/04/27/parlamento-das-letras-xerardo-agrafoxo/)

<https://armandorequeixo.wordpress.com/2015/04/27/parlamento-das-letras-xerardo-agrafoxo/>

¿E el haberá algunha pedra en todo Noia e dúas ducias de quilómetros á redonda da que non saiba a orixe certa Xerardo AgraFoxo? Teño para min que este fillo de Noela da quinta do 52 é un habitante castrexo reencarnado en druída moderno ao que correspondeu gardar a memoria dolorosa do seu clan nos infaustos días do 36. Recordar é facer que vivan en nós os soños cos que medramos, individual e colectivamente. E diso sabe, e moito, este narrador e historiador das terras que son Porto de Compostela.

Vai para tres lustros alumouno unha loira e decidiu que tiña de poñer por escrito as vidas literarias que lle inzaban no maxín. O experimento metaliterario titulouno O triángulo de Oscar Wilde (2003) e cóntase entre un dos libros de relatos máis orixinais do seu lustro. Logo viñeron as andains galegas do inefable Ernest Hemingway nun mítico automóbil, que foron noveladas en Unha viaxe no Ford T (2004); tamén o cruzamento de tempos e historias, personaxes reais e imaxinarios de O violinista de Malá Strana (2008) e, recentemente, a dura loita pola Liberdade que os demócratas levaron adiante nos avoltos días do pasado século, dende a Rebelión do Protectorado de Marrocos ata a noite pecha da Galicia afecta ao Golpista, que se retrata en A maleta de Victoria Kent (2014).

Historia, intriga e reflexión son os tres piares da escrita de Xerardo AgraFoxo, tantas veces metanarrativa e garante sempre dunha prosa de calidade que agocha tras de si a finura do pensar e o sentir de quen fala con coñecemento de causa.

—¿Cando, onde e da man de quen publicaches os teus primeiros textos?

O primeiro, *Prehistoria e Arqueoloxía da Terra da Barbanza*, publicoumo o Concello de Noia, no ano 1986. Logo veu o Concello de Lousame coa Triloxía sobre A Guerra Civil, despois a editorial Toxosoutos, que me axudou coa saída de varios libros e, finalmente, Galaxia.

—¿Cal das túas obras cres que foi mellor tratada e cal pasou máis desapercibida para o público e/ou a crítica? ¿Por que cres que recibiron ese trato desigual?

A mellor tratada, sen dúbida, foi *1936: A Guerra Civil en Lousame e Noia*, coido que pola transcendencia do tema. Tamén a última novela *A maleta de Victoria Kent*, talvez porque se trata dunha historia moi abraiante e, ademais, é unha obra moi pensada e elaborada. Os catro libros que escribín sobre a Didáctica da Historia de Galicia pasaron máis desapercibidos porque eran materiais para o ensino, onde non se le moito.

—¿Tes algún hábito singular ou manía á hora de escribir?

Procuro comezar os libros nos primeiros días do outono, logo de encher un caderno de apuntamentos sobre o tema que desenvolvo.

—Nunha antoloxía da nosa literatura recente, ¿ao pé de que autores/as preferirías figurar?

A carón dos meus amigos e colegas da Xeración Barbantia. Entre outros, Riveiro Coello, Carlos Mosteiro, Antonio Piñeiro, Ricardo Losada, Ramón Carredano ou Agustín Agra.

—Se tiveses que historiografar a túa propia traxectoria literaria, ¿que trazos salientarías?

A dun escritor curioso e perseverante, que sempre se deixa engaiolar polas historias onde a personalidade dos protagonistas é tan importante como a trama argumental.

—¿Que lecturas te acompañan decote ou a que escritores/as regresas con frecuencia?

Son un lector disperso, talvez un pouco compulsivo. Pero leo todo o que sae dalgúns autores contemporáneos, entre eles, William Trevor, Herta Müller, Sarah Waters, Colm Toibin ou Amos Oz. E controlo a meirande parte das novidades da literatura galega.

—¿Que cres que lle falta aínda ás nosas letras e que lle sobra definitivamente?

Fáltanlle moitos máis lectores e máis visibilidade nos medios. E coido que a guerra lingüística é un elemento distorsionador.

—Se soubeses que o teu tempo se esgota, ¿que non te perdoarías non deixar escrito?

Un libro onde contase unha teima/aventura que me persegue acotío: atravesar o corazón do Sáhara, dende Orán ata Timbuktu.

—¿Cal é a túa valoración do noso presente literario?

Coido que estamos nunha época moi condicionada pola perda de galegofalantes e tamén pola ameaza do imperio dixital.

—Se desexas facer algunha outra consideración, túa é a palabra.

Se son certos estes datos, “o 35% dos españois non le nunca” ou “a metade non comprou nin un libro no último ano”, ¿a quen lle importan?, ¿quen fai algo para evitar esta catástrofe humanitaria?